


## BENEFICIOS da INFRAESTRUTURA VERDE

Os ecosistemas sans e a biodiversidade que os habita, xeran beneficios ambientais e sociais, de gran valor e importancia económica.

A infraestrutura verde axuda a protexer e restaurar os ecosistemas, reserva ademais o espazo necesario para medrar no futuro. Ao mesmo tempo proporciona provisións (pesca, madeira, horta, gando), aumenta a biodiversidade, mellora a calidade da auga, do aire e ambiental, mitiga as inundacións, regula o clima, mellora a saúde humana e a calidade de vida, proporciona oportunidades de ocio e culturais, ou fomenta o desenvolvemento e a economía.



### OCIO

Xera espazos para o recreo e recursos de ocio, como as praias, os ríos, as zonas verdes e as rutas de sendeirismo.





### PROVISIÓNS

Proporciona provisións como a pesca, o marisqueo, produtos da horta, carne, leite, madeira ou mel



### INUNDACIÓNS

Mellora a calidade da auga e mitiga as inundacións.



[infrastrukturaverdecoruna.gal](http://infrastrukturaverdecoruna.gal)

## INFRAESTRUTURA VERDE da ÁREA DA CORUÑA



INFRAESTRUTURA VERDE da ÁREA DA CORUÑA



[infrastrukturaverdecoruna.gal](http://infrastrukturaverdecoruna.gal)



## QUÉ É A INFRAESTRUTURA VERDE?

A infraestrutura verde é unha rede estratéxicamente planificada de zonas naturais e seminaturais de alta calidade con outros elementos ambientais, deseñada e xestionada para proporcionar un amplo abanico de servizos ecosistémicos e protexer a biodiversidade tanto dos asentamentos rurais como urbanos.


Forman parte da infraestrutura verde espazos naturais, bosques como as Fragas do Eume, ríos como o Anllóns, lagoas como o Encoro de Abegondo - Cecebre, rías e marismas como as da Ría de Betanzos e Mandeo, ou a costa e as praias como a Costa Ártabra.

Tamén espazos como as rúas arboradas, as zonas verdes, os parques forestais ou as sendas verdes. Participan ademais as terras agrícolas e forestais que proporcionan outros beneficios ademais da extracción de recursos.

## ANATOMÍA da INFRAESTRUTURA VERDE

A infraestrutura verde compoñe de diferentes ecosistemas conectados, que forman un sistema de **NÚCLEOS** e **CORREDORES**.

Os núcleos son os elementos centrais, zonas de alto valor en termos de biodiversidade (diversidade de especies vexetais e animais); os corredores son enlaces que fan que a rede da infraestrutura verde funcione. As infraestruturas verdes, igual que outras infraestruturas traballan gracias a formar redes.



## ELEMENTOS da INFRAESTRUTURA VERDE

